

APROBADO SETEMBRO 2025

REGULAMENTO

GRUPOS DE TRABAJO



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	1
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS	1
Art. 1. Obxecto	1
Art. 2. Ámbito de aplicación.....	1
Art. 3. Obxectivos dos Grupos de Traballo	2
CAPÍTULO II. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO	2
Art. 4. Constitución dos grupos de traballo	2
Art. 5. Convocatoria	3
CAPÍTULO III. COMPOSICIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO	3
Art. 6. Composición	3
Art. 7. Compoñentes e funcións do Grupo de traballo	4
CAPÍTULO IV. FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO	4
Art. 9. Funcionamento dos Grupos de Traballo.....	4
Art. 10. Compromisos dos Grupos de Traballo	5
Art. 11. Financiamento dos Grupos de Traballo	6
CAPÍTULO VI. DEREITOS E OBRIGAS DOS E DAS COMPOÑENTES DOS GRUPOS DE TRABALLO	6
Art. 12. Dereitos	6
Art. 13. Obrigas	6
CAPÍTULO VII. DISOLUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO	7
Art. 14. Disolución dos Grupos de Traballo.....	7
CAPÍTULO VII. APLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR.....	7
Art. 15. Aplicación e desenvolvemento	7
Art. 16. Entrada en vigor	7
ANEXOS	
ANEXO I. MODELO DE ACTA DE REUNIÓN	
ANEXO II. MODELO CALENDARIO ANUAL REUNIÓN	
ANEXO III. CRONOGRAMA ANUAL POR OBTETIVOS	
ANEXO IV. MODELO DE DIETAS DE DESPRAZAMENTO	
ANEXO V. MODELO CONVOCATORIA GRUPOS	
ANEXO VI. CLAUSULA PROTECCIÓN DE DATOS GRUPOS DE TRABALLO	
ANEXO VII. CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS DE GRUPOS DE TRABALLO.	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia enténdese os Grupos de Traballo como unha ferramenta proactiva, flexible e colaborativa, ao servizo do fortalecemento da profesión e da participación activa da base colexial, incluíndo tanto a persoas profesionais como ao estudantado. Estes grupos constitúen un espazo clave para:

- Analizar e estudar as necesidades dos diferentes colectivos nos diversos ámbitos de intervención.
- Propoñer alternativas, melloras e enfoques innovadores ante os retos e conflitos que emerxen no exercicio profesional.
- Promover a reflexión crítica, a xeración de coñecemento compartido e o desenvolvemento de capacidades especializadas en áreas concretas do Traballo Social.
- Favorecer a construción de rede, a cohesión profesional e o coidado das relacións entre colexiadas, estudantes e a estrutura do propio Colexio.

Porén, durante o ano 2025 **detectouse un funcionamento de baixo rendemento na maior parte dos Grupos de Traballo**, e co obxectivo de comprender esta realidade e procurar solucións compartidas, o Colexio impulsou un **proceso de análise participativa cos propios grupos**, do cal se extraeron conclusións coincidentes:

- Ausencia dunha metodoloxía organizativa operativa e áxil.
- Ambigüidade nos roles e responsabilidades das persoas integrantes.
- Baixa definición nas canles de comunicación e procedementos de desenvolvemento.

Mais tamén se fixo visible algo fundamental: a presenza dunha forte **vocación, motivación e vontade de cambio por parte das persoas participantes**. A análise evidenciou **gañas de contribuír activamente á mellora da profesión**, de traballar colectivamente e de tomar acción para construír espazos máis sólidos, coidados e transformadores. Este diagnóstico puxo de manifesto a necesidade de **reformular o marco de funcionamento dos Grupos de Traballo**, dotándoos de orientación, ferramentas e regras máis claras que garantan a súa funcionalidade e utilidade real, nun marco claro, flexible e útil que apoie a súa sostibilidade, cohesión e orientación práctica. Esta revisión do documento de funcionamento responde, pois, á vontade do Colexio de acompañar mellor estes espazos profesionais, recoñecendo o seu valor estratéxico para a vida colexial e para a transformación da nosa profesión.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1. Obxecto

O presente regulamento ten como obxecto o establecemento das normas e criterios que regularán a creación e desenvolvemento dos Grupos de Traballo no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Art. 2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do presente regulamento extenderase a todos os Grupos de Traballo constituídos no COTSG que respondan ás características, compoñentes e carácter que se recollen no mesmo. Establécense **tres tipos de estruturas organizativas grupais** no Colexio, todas elas están formadas por persoas voluntarias cun fin e natureza específica. Neste documento ofrecemos o regulamento da primeira

delas, *Grupos de Traballo*. A continuación presentamos as tres modalidades organizativas:

- **Grupos de Traballo:** conxunto de persoas colexiadas ou precolexiadas co obxectivo de construír distintas formas de abordaxe, tanto a nivel profesional, reivindicativo como de formación na profesión por áreas de traballo específica.
- **Comisións Técnicas:** conxunto de persoas con experiencia laboral ou formativa acreditada na área de traballo a tratar que conforman consellos técnicos cun enfoque científico e especializado e criterios definidos.
- **Mesas Abertas:** formado por persoas cun proxecto concreto que finalizaría no momento que remate o seu cometido.

Art. 3. Obxectivos dos Grupos de Traballo

Os Grupos de Traballo do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia constitúen espazos colaborativos orientados a fomentar a participación activa das colexiadas, a reflexión colectiva sobre a práctica profesional e o desenvolvemento de iniciativas que contribúan á mellora do exercicio do Traballo Social nos seus diferentes ámbitos.

Os principais obxectivos dos Grupos de Traballo son:

- **Promover a formulación de propostas, asesoramentos e análises técnicas** que contribúan á mellora da cualificación, a reflexión profesional e a intervención social no eido temático de cada grupo.
- **Impulsar a elaboración de documentos, informes ou materiais divulgativos**, co fin de analizar situacións actuais, identificar retos e aportar coñecemento especializado cando se considere necesario.
- **Fomentar a exploración de novos campos de exercicio profesional**, detectando oportunidades de intervención e dando visibilidade ao potencial transformador do Traballo Social.
- **Propoñer contidos e colaborar na organización de accións formativas e de sensibilización**, como obradoiros, mesas de debate, relatorios, xornadas ou outras iniciativas dirixidas á profesión e á cidadanía.
- **Impulsar a redacción e difusión de artigos, reflexións e novas** para os medios de comunicación do Colexio (blog, boletíns, redes sociais), co obxectivo de compartir coñecemento e dinamizar o debate profesional.
- **Fomentar espazos de coidado mutuo, apoio entre iguais e traballo en rede**, fortalecendo os vínculos profesionais, o sentimento de pertenza e a vida colexial.

CAPÍTULO II. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 4. Constitución dos grupos de traballo

Os Grupos de Traballo do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia poderán constituírse como resposta a unha **necesidade ou interese concreto**, e poderán ser promovidos por:

- **O propio COTSG**, como resposta a unha necesidade estratéxica detectada no conxunto da profesión.

- **Persoas colexiadas**, co obxectivo de desenvolver actividades, estudos ou propostas relacionadas con ámbitos específicos do exercicio profesional ou científico.
- **Entidades ou colectivos alleos ao Colexio**, promovendo a colaboración interinstitucional ou profesional con axentes afíns.

A constitución dun Grupo de Traballo deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno do COTSG, tras a presentación dunha proposta formal. Unha vez aprobado, o grupo deberá remitir á persoa responsable da Xunta de Goberno correspondente un documento de constitución, que inclúa:

- Ámbito temático.
- Obxectivos xerais.
- Composición do grupo.
- Outros datos relevantes de funcionamento.

Este documento quedará recollido na súa correspondente **acta de constitución**. Así mesmo, cada persoa integrante deberá **asinar os compromisos de protección de datos e confidencialidade**, segundo os protocolos establecidos polo Colexio.

Art. 5. Convocatoria

No mes de xullo de 2025, o COTSG pon en marcha unha campaña extraordinaria de difusión e promoción dos Grupos de Traballo, especialmente a través das redes sociais e outros medios dixitais. Esta acción ten como obxectivo facilitar, durante os meses de verán, a incorporación de novas persoas participantes e fomentar a dinamización dos grupos de cara ao novo curso.

A convocatoria busca tanto reforzar os grupos xa consolidados, como impulsar a creación de novos espazos de traballo, adaptados aos intereses e necesidades emerxentes da profesión. Ademais desta campaña puntual, a convocatoria para participar nos Grupos de Traballo permanecerá aberta de forma continua durante todo o ano, permitindo que calquera persoa colexiada interesada poida sumarse en calquera momento, sempre que o grupo estea en funcionamento activo.

CAPÍTULO III. COMPOSICIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 6. Composición

A composición dos Grupos de Traballo debe garantir unha base mínima de participación, diversidade e viabilidade organizativa. Este artigo regula os criterios fundamentais para a súa constitución e funcionamento interno, procurando asegurar dinámicas respectuosas, colaborativas e coherentes cos valores do Colexio.

1. **Considerarase Grupo de Traballo** aquel que estea formado por un **mínimo de cinco persoas colexiadas e máximo 15 persoas**, reunidas co propósito de **traballar de maneira colaborativa sobre un tema ou área concreta** que redunde no beneficio común da profesión e da colexiación. Excepcionalmente, a Xunta de Goberno poderá autorizar a constitución dun grupo con menor ou maior número de participantes, sempre que se presente un informe de viabilidade

- xustificativo. Ademais, de ser o grupo maior de 15 persoas poderá subdividirse para ter varios grupos de persoas dentro do propio grupo co fin de proporcionar un funcionamento adecuado.
2. Os grupos poderán contar, de forma puntual e con fins concretos, coa colaboración de outras profesionais pertencentes a outros ámbitos, sempre que se considere beneficioso para o desenvolvemento das actividades do grupo.
 3. Procurarase que o funcionamento interno dos grupos promova a **proactividade, o respecto polos ritmos e tempos individuais**, así como o **establecemento de relacións horizontais e coidadosas**. Para iso, recoméndase o uso de **metodoloxías participativas e ferramentas de facilitación de grupos** que favorezan unha dinámica eficaz, inclusiva e sostible.

Art. 7. Componentes do Grupo de traballo

Cada Grupo de Traballo contará cunha estrutura básica composta por tres figuras:

- **Técnica COTG.** Cargo asumido por unha persoa do equipo técnico do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, encargada de:
 - ☐ Organizar, dinamizar e facer seguimento dos Grupos de Traballo.
 - ☐ Convocar e facilitar as reunións.
 - ☐ Redactar ou recoller as actas dos encontros.
 - ☐ Xestionar os espazos de reunión (presenciais ou virtuais).
 - ☐ Velar polo respecto, a participación coidada e o bo uso das canles de comunicación.
 - ☐ Asumir o canal directo de comunicación nos procedementos coa Xunta de Goberno e o equipo do COTSG.
 - ☐ Facilitar dinámicas de traballo en rede velando por espazos de cohesión grupal, xestión de conflitos, avaliación e toma de decisión eficaces.
 - ☐ Fomentar espazos de escoita activa, coidado individual e grupal.
- **Participantes.** Persoas colexiadas ou precolexiadas que desexen formar parte dun Grupo de Traballo, asumindo o compromiso de participar de forma activa e respectuosa no seu funcionamento. Así coma, colaborar e traballar a prol do cumprimento dos obxectivos, fins e liñas de traballo fixadas por e para os grupos en cada momento.
- **Coordinadora.** Rol de carácter anual rotativo, voluntario e validado polas propias integrantes do Grupo de Traballo. As súas funcións principais son:
 - ☐ Ser a canle de comunicación directa co COTSG.
 - ☐ Representar ao grupo en actos, espazos ou procesos nos que sexa necesario.
 - ☐ Contribuír positivamente á dinamización e bo funcionamento do grupo.
 - ☐ Revisión da memoria anual.

CAPÍTULO IV. FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 9. Funcionamento dos Grupos de Traballo

Os Grupos de Traballo terán como marco os Estatutos do COTSG e o Código Deontolóxico da profesión, autorregulándose de forma autónoma á Xunta de Goberno. As reunións e sistemas de traballo terán carácter asembleario, puidendo ser presenciais, online ou mixta.

Todos os Grupos de Traballo que precisen ou realicen **documentación** (para difusión, alegacións, aportacións, etc.), **será levada á Xunta de Goberno para posible aprobación** ás reunións mensuais.

No caso que por falta de tempo ou cumprimento de prazos sexa preciso aprobala con anterioridade, se realizará de forma extraordinaria nunha votación asíncrona.

Estrutura de funcionamento:

- A partir de setembro: reunión presencial para elaborar Cronograma de Obxetivos Anuais e fixar Reunións Anuais e asignación de coordinación.
- En cada reunión a técnica redatará un acta, habendo un mínimo de 6 reunións anuais.
- Xuño: reunión preferentemente presencial de Avaliación/Celebración do funcionamento do grupo, despois de esta reunión entregárase unha memoria elaborada pola técnica e revisada pola coordinadora.

Tabla con exemplo práctico da estrutura de funcionamento anual:

1	2	3	4	5	6
DESEÑO	PROCESO	PROCESO	PROCESO	PROCESO	AVALIACIÓN
SETEMBRO 2025	NOVIEMBRE 2025	XANEIRO 2025	MARZO 2026	MAIO 2026	XUÑO 2026
- Reunión <i>presencial</i> - -Cronograma reunións -Obxetivos anuais -Asignación coordinación	- Reunión online ou presencial	- Reunión online ou presencial	- Reunión online ou presencial	- Reunión online ou presencial	- Reunión <i>preferiblemente presencial.</i> - -Memoria anual de actividades

A comunicación dos grupos realizarase a través de:

- Reunións presenciais ou online (canal de encontro bimestral). As reunións que se decidan facer de forma online, realizaráse preferentemente con cámara activada e participación activa.
- Correo electrónico (canal de comunicación oficial do COTSG cas participantes: convocatoria reunións e información relevante).
- Canal de Whasap unidireccional (canal de comunicación rápida do COTSG cas participantes).
- Plataforma de documentos online en GoogleDrive (ferramenta de traballo común).

Art. 10. Compromisos dos Grupos de Traballo

Cada grupo de traballo actuará identificándose como “Grupo de traballo do COTSG” aínda que teñan unha estrutura e unha temática individualizada.

Cada grupo de traballo presenta unha **memoria anual de actividades** que debe incluír, como mínimo, o listado actualizado das persoas que forman parte do Grupo de Traballo e actividades nas que participaron (aistencia ás reunións e modo, ben sexa de xeito presencial ou telemático, colaboración na elaboración de documentos ou realización doutros traballos a prol do funcionamento do Grupo de Traballo), baixas, as actividades realizadas e a previsión de actuacións e orzamento para o ano seguinte de ser o caso. Como norma xeral, a memoria deberá ser enviada no mes de xuño despois da reunión avaliativa dos grupos.

Os dereitos de autoría xerados a partir de calquera produción científica (“propiedade intelectual”) e calquera rendimento obtido corresponderán ao COTSG. Cada grupo de traballo debe utilizar a imaxe corporativa do COTSG en todas as súas actividades e publicacións.

Art. 11. Financiamento dos Grupos de Traballo

O COTSG farase cargo dos **gastos de desprazamento** das persoas colexiadas participantes dos grupos que asistan ás reunións de traballo, así coma dos gastos de dietas e desprazamento derivados da asistencia ás reunións e actos de representación aos que asistan en nome do COTSG, previa autorización da Xunta de Goberno (ANEXO IV).

Os grupos de traballo poderán solicitar ao COTSG financiamento para accións concretas presentando un orzamento acompañado do proxecto de actividade e a xustificación de gastos correspondente.

CAPÍTULO VI. DEREITOS E OBRIGAS DOS E DAS COMPOÑENTES DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 12. Dereitos

As persoas integrantes dos grupos terán o dereito a:

- **Ser informadas** da marcha do grupo ou calquera cambio relevante.
- Realizar a **aportacións** relacionadas cos obxectivos e actividade do grupo.
- **Participación** nos actos de visibilización do grupo presencial ou en redes.
- Obter un **certificado de participación** no grupo sempre que se cumpra coas obrigas deste regulamento.
- **Abono dos gastos** de desprazamento ocasionados polas reunións ou actividades do grupo.
- Prioridade e descontos para **eventos, bolsas e formación** de contido específico de cada grupo.

Art. 13. Obrigas

As persoas integrantes dos grupos terán a **obriga de**:

- **Cumprir o regulamento** dos grupos de traballo e a normativa que rixe o COTSG.
- **Respetar as persoas** e velar por un ambiente de traballo positivo e adecuado para o desenvolvemento dos obxectivos e funcións de cada grupo.
- Cubrir axeitadamente e asinar os documento **de Protección de Datos e de Acordo de Confidencialidade** persoal e remitilo ao COTSG no momento de solicitar a inclusión no Grupo de Traballo (ANEXO VI E VII), para poder participar en dito grupo.
- **Participar como mínimo no 50% das reunións** convocadas ao ano (de xeito presencial ou telemático).
- Estar **colexiada e ao corrente de pagos**.
- Non comprometer ao COTSG coas opinións xeradas no desenvolvemento do seu traballo sen consentemento expreso da Xunta de Goberno.
- Non identificarse como integrante dos grupos de traballo do COTSG en actividades ou documentos que poidan supoñer un desprestixio para a sociedade ou falta de acordo coa mesma, porque:

- O contido da actividade ou documento esté en contradición co avalado polo resto das persoas integrantes dos grupos de traballo, ou por algún outro grupo de traballo do COTSG.
- Na actividade, documento ou proxecto prima o interese persoal sobre o do colectivo.
- Reporten beneficio de calquera tipo, a título exclusivamente persoal, non extensible ao resto dos membros do grupo de traballo do que forman parte, nin o colectivo de traballadoras sociais no seu conxunto.

O incumprimento das anteriores obrigas poderá comportar a **baixa automática** no grupo de traballo da **persoa integrante**.

CAPÍTULO VII. DISOLUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 14. Disolución dos Grupos de Traballo

A Xunta de Goberno reservarase o dereito de disolución de calquera grupo de traballo sempre e cando se incumpra o recollido neste regulamento.

Os grupos tamén poderán disolverse:

- Por vontade do grupo.
 - A disolución do grupo por vontade do grupo, deberá solicitarse por escrito á grupodetraballo@traballosocial.gal con alomenos 5 días naturais de antelación á data de finalización, tras presentar a documentación xerada polo grupo no Rexistro do COTSG
- Por finalización da actividade.
- Por falta de actividade. Neste suposto, se a necesidade que motivou a creación do grupo de traballo segue vixente, procurárase a reestructuración do grupo coa incorporación de novas participantes e a redefinición de obxectivos ou fórmulas de traballo.

O persoal técnico remitirá a solicitude de baixa á Xunta de Goberno.

CAPÍTULO VIII. APLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Art. 15. Aplicación e desenvolvemento

A Xunta de Goberno adoitará acordos ou circulares complementarias en aplicación e desenvolvemento deste Regulamento para o bo fin da actividade colexial, se fose preciso.

Art. 16. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación en Xunta de Goberno.

ANEXOS

ANEXO I. MODELO DE ACTA DE REUNIÓN

ANEXO II. MODELO CALENDARIO ANUAL REUNIÓN

ANEXO III. CRONOGRAMA ANUAL POR OBTETIVOS

ANEXO IV. MODELO DE DIETAS DE DESPRAZAMENTO

ANEXO V. MODELO CONVOCATORIA GRUPOS

ANEXO VI. CLAUSULA PROTECCIÓN DE DATOS GRUPOS DE TRABAJO

ANEXO VII. CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS DE
GRUPOS DE TRABAJO.